



ANA CABAIREIRO

ESCRITORA E XORNALISTA

*"Sempre ando na procura dos matices da ferida para escribir a partir deles".*

*"Escribir a partir dos fallos do sistema, transformalos en emoción e en sentimento e que cada libro sexa en si mesmo unha declaración de intencións, é máis ou menos o meu credo literario".*

Nacín en San Xoán de Saídres (Silleda, 1976), unha parroquia pequena do rural con pouco máis de cen habitantes. Estudei Xornalismo e un Máster en Estudos Teóricos e Comparados da Literatura e da Cultura da USC e, debutei como escritora no 2017 con "Sapos e Sereas". Logo de facerme co Premio García Barros en 2018 por "As Ramonas", agora estreo novela finalista do premio Xerais con "Deixádenos remar", unha historia baseada nun conflito veciñal que serve para presentar diferentes temas de actualidade.


Ser Ana de Saídres implica para min a empatía absoluta coas persoas humildes, defender a cultura do esforzo, participar activamente na loita pola mellora das condicións de vida da maioría e loitar pola xustiza social e polos dereitos de todos os colectivos. Este posicionamento de ter nacido e medrado nunha aldea sempre está presente nas miñas historias. Tamén implica ter coñecido unha xeración, xa desaparecida, que cultivaba a narración oral como unha forma de socialización e de entretemento. As persoas que sabían botar un conto ben botado quedaron na miña memoria como unha especie de estrelas da nosa comunidade rural: tiñan chispa, moita graza, habilidades narrativas naturais e unha capacidade innata para transformar as cousas correntes da vida en historias que cativaban ao seu auditorio. Era como se beberan do Santo Grial da narración. Esas persoas para min son tesouros, tanto como os libros.


A tardanza en escribir para publicar, dunha banda, ten moito de inseguridade en min mesma e, doutra, de erro na medición dos tempos. Para min iso de ser escritora non corría apuro e ía quedando aparcado, ata que me dei conta de que pasaba dos corenta e igual había que comezar a tomalo en serio. No meu caso, tomei conciencia do paso do tempo.

Tamén teño unha loita bastante obsesiva contra eses relatos construídos a base de personaxes exemplares, super-exitosas e que acaban sempre felices e comendo perdices. Relato que nos vende

a publicidade, a maioría do cinema comercial, certo tipo de literatura e, incluso, o discurso mediático dominante. Eu penso que a felicidade pode ser un intre pequeno pero que non pode perdurar porque a vida segue, non se lle pon un punto final como a un libro malo; ou pode ser, pola contra, unha boa etapa navida pero con pequenas pexas ou atrancos, porque aínda nas boas etapas a gama de grises é inmensa.

A publicación de "Sapos e sereas", por ser o primeiro, foi como unha grande festa emocional, non só por ver os meus relatos en formato libro por fin, senón porque ademais a crítica e os medios prestáronlle moitísima atención. A repercusión que tivo foi unha lombeirada importante e xa desde o principio abriu camiño. Con "As Ramonas" foi algo similar pero aínda máis acentuado, porque a publicación ía ligada ao Premio García Barros de Novela, e incrementouse a visibilidade. "Deixádenos remar" que chega baixo o paraugas de ter quedado finalista no Premio Xerais de Novela, está na mesma liña de repercusión.





Os premios supuxeron fundamentalmente visibilidade, que é moi necesaria nun contexto como o actual, inzado de ruído mediático e saturado de estímulos informativos tan diversos. Ademais da visibilidade está o feito de que o libro pasou por un xurado que o escolleu entre os mellores de todos os que concorrían a esa convocatoria, e iso no meu caso tamén funciona como unha especie de "baremo" positivo. Concretamente, tanto o García Barros como o Xerais, son dous premios que eu sempre soñei con gañar –xunto co Blanco Amor, que está na lista de pendentos- e ir cumprindo soños é unha forma de felicidade persoal nada baladí.

A igualdade de xénero e a conciencia de clase tamén son dous aspectos que, dunha maneira máis sutil ou máis evidente, van saíndo sempre en todo o que escribo. Escoiteille dicir a un escritor nunha ocasión que, no fondo, escribimos sempre sobre o mesmo, que cada autor ou autora temos un tema propio e que imos creando unha obra ao redor dese tema. E vexo que no meu caso é así. Sexa escribindo con humor, escribindo á contra para evidenciar os fallos do sistema, en formato curto ou máis longo, o fondo é sempre o mesmo: a xustiza social.

Na miña vida non hai moito tempo para dedicarlle á escrita creativa, polo que ter identificados os espazos nos que a mente se me conecta coa pantalla do ordenador e a historia vai fluíndo é fundamental. O lugar específico da miña casa desde o que escribo ten unhas vistas estupendas sobre a miña cidade, e sentarme alí a escribir é como escribir desde unha atalaia. Neste espazo é de onde saen as "versións definitivas" dos meus proxectos. Os trens, os cuartos de hotel e as cafetarías demodé son espazos de paso, esporádicos, que implican movemento, e que a min me activan a creatividade e me funcionan moi ben para atrapar ideas, definir personaxes e temas sobre os que escribir.

Tamén adoro os clubs de lectura. Sendo membro dun club de lectura descubro obras e autoras ás que posiblemente non tería chegado doutro xeito, coñezo miradas moi diferentes á miña a través da conversa entre as persoas que lemos a mesma obra e que, na maioría dos casos, só nos coñecemos de formar parte do club de lectura e non temos contacto ningún fóra dese ámbito. Para min os clubs de lectura son amor puro pola literatura, a maneira de gozar da literatura e vivila nunha sorte de comunidade de lectoras e lectores.